

A/A Clubs e Deportistas

## CONVOCATORIA DE PRAZAS PARA O CENTRO GALEGO DE TECNIFICACION DEPORTIVA DE PONTEVEDRA (Curso 2019/2020)

A FEGATRI abre prazo *ata o 8/07/2019* para solicitar praza no CGTD de Pontevedra cara o próximo curso escolar 2019/2020.

Os dous tipos de prazas que poden solicitarse serán TECNIFICACION e RENDEMENTO.

**TECNIFICACION** dan dereito a: pensión completa de Luns a Venres, adestramentos e servizos médicos. Deben ser deportistas nados e nadas nos anos: **2005, 2004, 2003 e 2002**. É dicir, cursar no próximo ano 3º, 4º de ESO ou 1º, 2º de BACH.

As de **RENDEMENTO** dan dereito a adestramentos e servizos médicos, segundo os resultados deportivos, poden ter dereito tamén a xantar e residencia.

Para máis información, poden consultarse as bases da convocatoria na seguinte ligazón:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190614/AnuncioG0244-070619-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190614/AnuncioG0244-070619-0001_gl.html)

Para optar a becas no CGTD teranse en conta:

- ***Expediente e traxectoria académica. Deberase xuntar copia do boletín notas sinalando a cualificación media.***
- ***Resultados deportivos en competicións (autonómicas, nacionais e internacionais) nos últimos 2 anos.***
- ***Valoración técnica do adestrador/a responsable.***
- ***Valoración residencial (só renovación bolseiros e bolseiras).***

As prazas para o próximo curso teñen que solicitálas todos/as aqueles/as deportistas que desexen entrar no CGTD e os/as que están becados na actualidade (enviar cuberto o formulario da páxina seguinte a: [info@fegatri.org](mailto:info@fegatri.org) ).